

OBRADOIRO MARCANDO O MEU PROPIO RITMO

ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA



MONITORA: Paula Mouzo (Psicóloga e Musicoterapeuta)

OBXECTIVO XERAL:

Este obradoiro ten como principal obxectivo estimular, a través da música, as diferentes áreas do desenvolvemento infantil: cognitiva, social, comunicativa e emocional. A música fomenta o desenvolvemento da **capacidade artística e creativa** nos nenos e nenas; permite a expresión dos sentimentos; mellora a súa capacidade de **atención** e a súa **memoria auditiva**.

Outro obxectivo igualmente importante é o desenvolvemento psicomotor. A través de exercicios de **psicomotricidade**, nun ambiente relaxado e motivador, grazas á música, á danza e ó xogo, fomentárase o coñecemento do **esquema corporal**, a adquisición do sentido do **ritmo** e traballaranse aspectos da motricidade tanto grossa como fina.

En definitiva, grazas a este obradoiro e a través dunha metodoloxía lúdica, preténdese que as nenas e nenos traballen algúns aspectos que son de especial importancia neste momento do seu desenvolvemento.



EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:

Traballamos a creatividade coa construción dos nosos propios instrumentos e deixamos voar a imaxinación inventando historias acompañándoas co son e con cancións.

Tocando nós mesmos os instrumentos, aprendemos a movernos ó son da música e, sobre todo, a traballar en grupo, formando unha pequena orquestra na que debemos estar atentos e concentrados nos posibles cambios de ritmo, intensidade, etc. Isto permite non só mellorar a capacidade de atención, de percibir a través dos sentidos e o ritmo, senón que tamén se fomenta a colaboración e participación favorecendo a **socialización**.



A psicomotricidade é unha parte moi importante neste obradoiro que desenvolvemos mediante xogos, co movemento do noso propio corpo como un todo e de maneira segmentada (cabeza, brazos, pernas, mans...) e coa danza. Así conséguese que a nena/o recoñeza o seu esquema corporal e mellore a súa coordinación, o equilibrio e outras destrezas motoras que permiten un desenvolvemento motor adecuado.

ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:

Os seguintes libros serven de referencia á hora de programar as actividades do obradoiro *“Creando o meu propio ritmo”*. Poden ser de grande utilidade para continuar o traballo na casa:

- *“Juegos para aprender. De 0 a 6 años. Actividades lúdicas e imaginativas para entretener a tu hijo y reforzar su autoestima”*. Dorothy Einon
- *“Aprenda a relajar a los niños en la escuela y en casa. De 2 a 7 años”*. Denise Chauvel- Christiane Norel.
- *“El Proyecto Spectrum. Actividades de aprendizaje en la educación infantil”*. H. Gardner, D.H. Feldman y M. Krechevsky 8Cols).
- *“Educación musical rítmica y psicomotriz”*. María Pilar Escudero.
- *“Musicoterapia en Educación especial”*. Josefa Lacarcel Moreno